



Acordo do 27 de outubro de 2025 do Departamento Territorial da Coruña, de levantamento das actas previas á ocupación de bens e dereitos afectados por unha instalación eléctrica, no concello da Laracha (expediente IN407A 2023/447-1).

Outorgada a declaración de utilidade pública que leva implícita a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados pola instalación eléctrica denominada soterramiento da LAMT LAR703 Alvite 3, dende o apoio A4A9HN7E//46-32-A-6, ata o novo centro de transformación 15ACN6, no concello da Laracha (expediente IN407A 2023/447-1), por resolución deste departamento territorial, do 31 de xullo de 2025, a favor da entidade beneficiaria UFD Distribución Electricidad, SA, con enderezo en avenida de Arteixo, 171, 15008 – A Coruña.

Este departamento territorial, de conformidade cos artigos 52 da Lei de expropiación forzosa, do 16 de decembro de 1954, e 56 do seu Regulamento, do 26 de Abril de 1957, acorda sinalar o día **16 de xaneiro de 2026** para o levantamento das actas previas á ocupación, nas que se describirán os bens ou dereitos expropiables e de imposición de servidume de paso de enerxía eléctrica, contidos na relación de fincas que se exporán xunto con este acordo no taboleiro de edictos do concello da Laracha, deducida da que se someteu a información pública no DOG do 3.4.2024, no BOP do 15.3.2024 e no xornal *La Voz de Galicia* do 28.3.2024, acto ao que deberán concorrer as persoas propietarias ou titulares de dereitos sobre as fincas propostas como afectadas, ás que se lles practicará notificación individual sinalándoselles os horarios de toma de datos sobre o terreo e do levantamento efectivo das actas nas oficinas da casa consistorial do dito concello.

Así mesmo, cando as persoas propietarias ou titulares de dereitos sobre as fincas afectadas sexan descoñecidas ou se ignore o lugar de notificación ou ben, intentada esta, non se puidese practicar, publicárase un anuncio desta convocatoria no taboleiro de edictos único (TEU) do *Boletín Oficial del Estado*.

A Coruña, 27 de outubro de 2025

Isidoro Martínez Arca

Director Territorial da Coruña

Departamento Territorial
Edificio Administrativo de Monelos
Rúa Vicente Ferrer, 2 1º e 2º andar - 15071 A Coruña
T. 34 981 184 902
cei.xtecoruna@xunta.gal
<https://economia.xunta.gal>



EXPEDIENTE: IN407A 2023/447-1 (expropiacións)
 PROXECTO: Soterramiento de la L.A.M.T. "LAR703 Alvite 3" desde el apoyo A4A9HN7E//46-32-A-6 hasta el nuevo centro de transformación 15ACN6
 CONCELLO: A Laracha
 ENTIDADE BENEFICIARIA: UFD Distribución Electricidad, SA

ACTO: CONVOCATORIA PARA O LEVANTAMENTO DE ACTAS PREVIAS Á OCUPACIÓN EN EXPEDIENTE EXPROPIATORIO

DATA: 16 de xaneiro de 2026

HORARIO: Sinalado no cadro anexo

CVE: XGREX-344eb6d3-ef34-3556-8b64-d418577251b0

Emilda: 27/10/2025 11:45:50

RELACIÓN DE BENS E DEREITOS AFECTADOS

Finca	Ref. catastral	Lugar	Titularidade proposta	Apoio		Afeccións		Data	Horario (en la finca)
				Nº	M2	ml. aé.	M2 aé.		
1	15042A1710 00120000RE	Agra da Porta	Jose Carracedo	/46-32-A-6	2,0			16.1.26	11:45
2	1756101NH3 915N	Goxan Arriba	Miguel Palleiro Arijón e outros	Centro transformación	9,82			16.1.26	11:55